



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso de medio ambiente e saúde

CONVOCATORIA: Curso de medio ambiente e saúde

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Medio

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	60
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	1997
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

O obxectivo desta actividade é a integración da dimensión ambiental na formación teórico-práctica de técnicos, funcionarios e responsables políticos ó servizo da Administración autonómica e local galega, así como profesionais liberais, directivos ou xestores de empresa, ben do sector público ou privado, que desenvolvan a súa actividade nas áreas de medio ambiente e saúde, coa finalidade de mellora-la xestión ambiental e poder contribuír á protección ambiental e á saúde da nosa comunidade.

DESTINATARIOS

O curso convocado vai dirixido a técnicos e funcionarios de carreira dos grupos A e B, pertencentes á Xunta de Galicia ou á Administración local galega, así como o persoal laboral dunha ou doutra Administración, dos grupos I e II.

Sempre que existan prazas dispoñibles, por non se teren cuberto as convocadas entre o persoal ó que se refire o parágrafo primeiro deste epígrafe, tamén poderán optar á obtención do certificado de aproveitamento, responsables políticos da Administración local e autonómica galega, profesionais liberais, directivos ou xestores ambientais de empresa, ben do sector público ou privado que desenvolvan a súa actividade nas áreas de medio ambiente e saúde.

PROGRAMA

- Conferencia inaugural: medio ambiente e saúde: introducción xeral.
- Tema I: o medio físico galego.
- Tema II: diferentes aspectos da contaminación ambiental: principais problemas medioambientais no medio urbano e rural galego. Repercusións sanitarias.
- Tema III: ruído ambiental e saúde. Casos prácticos.
- Tema IV: radioloxía ambiental: a contaminación radiactiva e a súa influencia na saúde.
- Tema V: principais problemas de contaminación atmosférica: choiva ácida, destrución da capa de ozono, efecto invernadoiro. A Rede de Vixilancia da Contaminación Atmosférica de Galicia. Lexislación actual a nivel comunitario, estatal e autonómico.
- Tema VI: análise de augas: toma de mostras, parámetros de calidade, técnicas instrumentais e analíticas utilizadas, así como manexo de equipos. Inspección e control. Lexislación actual.
- Tema VII: as augas residuais como problema ambiental e sanitario: a súa depuración no medio rural e urbano. Lexislación actual.

- Tema VIII: importancia da vixilancia e control sanitario do sistema de abastecemento hídrico en relación coa saúde pública.
- Tema IX: importancia da vixilancia e control sanitario das augas de zonas de baño (praias e piscinas) en relación coa saúde pública.

- Tema X: a planificación hidrolóxica en Galicia. Saneamento das rías galegas.
- Tema XI: Lei de costas en Galicia.
- Tema XII: xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos.
- Tema XIII: plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia.
- Tema XIV: proxecto SOGAMA.
- Tema XV: residuos tóxicos e perigosos. Plan de xestión de residuos industriais de Galicia.
- Tema XVI: problemas ambientais e sanitarios da contaminación de solos en Galicia. Xestión e tratamento dos residuos agrícolas e gandeiros.
- Tema XVII: xestión e protección do medio natural galego: espazos protexidos, uso público, flora e fauna. Plan de recuperación de ríos. Lei de pesca fluvial.
- Tema XVIII: problemática actual dos incendios forestais en Galicia.
- Tema XIX: p Plan forestal galego.
- Tema XX: a xestión dos recursos mariños e a súa protección e control.
- Tema XXI: xestión sanitaria do medio ambiente. Diagnósticos de saúde ambiental. Caso práctico.
- Tema XXII: o medio ambiente na organización internacional e na Unión Europea. Estructura competencial das administracións central, autonómica e local en materia de medio ambiente.
- Tema XXIII: a administración ambiental en Galicia. A Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia.
- Tema XXIV: instrumentos de control e sanción. Inspección, control e sancións administrativas, con especial referencia á inspección ambiental en Galicia.
- Tema XXV: instrumentos preventivos: estudos e avaliacións de impacto, efectos e incidencias ambientais-RAMINP.
- Tema XXVI: instrumentos sociais: a formación e educación ambiental en Galicia. Caso práctico.
- Tema XXVII: información pública. Participación cidadá. O Consello Galego de Medio Ambiente (COGAMA).
- Conferencia de clausura.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Se os solicitantes son funcionarios ou persoal laboral, os criterios selectivos para a admisión neste curso serán, por esta orde, os seguintes:

- 1º. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o interesado no desempeño do seu posto de traballo e a materia obxecto deste curso.
- 2º. Ter realizado, durante os últimos cinco anos, un menor número de cursos relacionados con contidos temáticos similares ó que agora se convoca.
- 3º. A antigüidade, e como tal entenderase a data de ingreso do interesado na Administración pública.

De quedaren prazas baleiras, despois de feita a selección entre o persoal funcionario ou laboral de calquera das administracións públicas galegas indicadas anteriormente, o criterio selectivo dos restantes peticionarios, nos que non concorran a mencionada condición, será como se expresa a continuación:

Gozarán de preferencia aqueles solicitantes que documentalmenten acrediten que a súa actividade profesional mantén relación coa materia do curso e poidan demostrar, a través do seu currículo, unha constatada experiencia neste campo (por exemplo, publicacións, cursos de especialización, traballos de investigación, etc. vinculados co medio ambiente e saúde).

3. DATOS EDICIÓN

ACORUÑA

LOCALIDADE: A Coruña

INICIO / FIN: 28/04/1997 a 12/06/1997

NUM. PRAZAS: 78

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública na Coruña